

Información xeral sobre a matrícula e a asignación de horarios no Grao Elemental

Curso 2026/27

■ MATRÍCULA

O prazo de matrícula para todo o alumnado é do 1 ao 6 de xullo.

■ MATERIAS E OFERTA EDUCATIVA

As materias que o alumnado deberá cursar no grao elemental son:

- **Instrumento:** 1 sesión de clase semanal cunha duración de 1 hora.
- **Linguaxe Musical e Educación Auditiva e Vocal:** no 1º e 2º curso teranse 2 sesións de clase semanais cunha duración de hora e media cada unha. No 3º e 4º curso as sesións impartiranse tamén en dous días, un deles cunha clase de unha de 1 hora de duración e o outro cunha sesión de 2 horas.

Amais das materias curriculares, o centro ofertará a seguinte formación complementaria para o alumnado do grao elemental:

- **Coro infantil:** 1 sesión de clase semanal cunha duración de 1 hora. Para alumnado de calquera curso ou especialidade.
- **Banda Infantil:** 1 sesión de clase semanal cunha duración de 1 hora. Para alumnado de 3º e 4º curso das especialidades de vento e percusión.
- **Clase colectiva de instrumento:** 1 sesión de clase semanal cunha duración de 1 hora. Ofertarase só en certos cursos e especialidades en función das posibilidades do centro.

■ ASIGNACIÓN DE GRUPOS E HORARIOS

Durante o prazo de matrícula poderase consultar o horario provisional de todos os grupos, así coma das demais actividades de formación complementaria, no taboleiro de información do centro ou na súa web. O horario definitivo publicárase en setembro, antes do día 9.

Linguaxe Musical e Educación Auditiva E Vocal

No formulario de matrícula do curso deberánse indicar as preferencias sobre a elección de horario das materias grupais. Neste formulario deberáse marcar todas as opcións posibles ordenadas segundo o interese de cada alumno ou alumna. Deberase ter en conta o horario das clases colectivas e demais actividades complementarias no momento de cubrir este formulario.

No caso de que o formulario non estea correctamente cuberto ou incompleto o alumno/a perderá calquera dereito de preferencia na adxudicación.

A orde de adxudicación será o seguinte:

- 1º. Alumnado con asignación de horario preferente, en aplicación do plan de atención á diversidade do centro.
- 2º. Familias con 3 ou máis membros estudando no Centro.
- 3º. Só no caso de grupos con asignación preferente en función da especialidade: terá preferencia o alumnado da/s especialidade/s indicadas en cada grupo comezando pola letra administrativa do primeiro apelido, que este ano é a letra “M”.
- 4º. O resto do alumnado empezando pola letra administrativa do primeiro apelido, que este ano é a letra “M”.

A adxudicación dos horarios destas materias poderase consultar na plataforma CENTROSNET a partir do día 14 de xullo.

Instrumento

A asignación de profesor/a de instrumento (profesorado titor) farase en setembro seguindo a seguinte orde:

- 1º. Asignarase o mesmo profesor/a que no curso anterior ao alumnado do centro que no formulario de matrícula non solicitara o cambio do mesmo, sempre que sexa posible.
- 2º. Asignarase profesor/a ao alumnado que non poida continuar co que tiña no curso anterior segundo os criterios establecidos.
- 3º. Atenderanse as solicitudes de cambio de profesor/a segundo os criterios establecidos, no caso de terse solicitado na matrícula.
- 4º. Asignarase titor/a o alumnado de novo ingreso segundo as preferencias indicadas na matrícula e aplicando os criterios establecidos.

Criterios para a asignación do profesor/a titor/a

Dentro de cada un dos puntos anteriores o procedemento para a elección sempre irá de maior a menor curso. De coincidir dous ou máis alumnos do mesmo curso terá preferencia o alumnado con máis anos cursados no centro sen contar as repeticións e, en caso de empate, terá preferencia o alumnado de menor idade.

Asignación de horario

A elección de horario farase en setembro, antes do comezo das clases, o día e na hora que se publique na web. Terá carácter presencial, polo que deberá asistir o alumno/a ou unha persoa que o/a represente. Publicarase máis información (orde de chamamento, horarios, etc.) nos días anteriores ao da elección de horario.

Orde de adxudicación do horario

- 1º. Alumnado con asignación de horario preferente, en aplicación do plan de atención á diversidade do centro.
- 2º. Familias con 3 ou máis membros estudando no Centro.
- 3º. O resto do alumnado de menor a maior idade sen prioridade de curso.

■ SOLICITUDE DE CAMBIO DE GRUPO E/OU HORARIO

Poderase solicitar cambio do grupo e/ou horario sobre os inicialmente adxudicados nos seguintes prazos.

1º PRAZO. Do 15 ata o 20 de xullo. Resolución o 23 de xullo.

2º PRAZO. Do 9 ata o 15 de setembro. Resolución a partir do 17 de setembro.

O centro comunicará por centrosnet, correo electrónico ou telefonicamente a resolución a cada un dos solicitantes.

IMPORTANTE: as datas e prazos deste documento poderán sufrir modificacións debido as necesidades organizativas do centro. Calquera modificación ou actualización deste documento será publicada na súa web.